



PRONUNCIAMENTO PÚBLICO DE EDUCADORES/AS POLA PAZ – NEG

EN RELACIÓN CO ANTEPROXECTO DE LEI DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA RECÉN REXEITADO NO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Asistimos con estupor e tristura á última iniciativa legislativa da Consellería de Educación e Ordenación Educativa: a publicación do borrador do **Anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa**, que esquece e intenta ocultar as iniciativas, prácticas escolares, colectivos profesionais, etc., que están a traballar na construción da convivencia e, polo tanto, promovendo a participación dos sectores implicados na educación, pois en ningún caso recibimos convocatoria ningunha para facer achegas.

Por outra parte, o feito de ser aceptada a **emenda á totalidade** por unha grande maioría do Consello Escolar de Galicia, indica que outro texto que recolla outros puntos de vista achegados a esta institución é necesario. Gustaríanos participar colaborativamente neste novo escenario, como grupo pedagóxico fundamentalmente implicado na convivencia, polo que **facemos públicas as seguintes:**

CONSIDERACIÓNS:

- a) No eido da convivencia, o noso país foi pioneiro e referente na construción da **pedagogía da convivencia** para todo o Estado e outras latitudes, como Portugal e América Latina. En concreto, debido ao traballo desenvolvido polo profesor Xesús R. Jares, fundador do noso grupo **Educadores/as pola Paz-NEG** en 1983 na cidade de Vigo.
- b) As contribucións foron teóricas sobre as bases da Educación para a Paz, mais tamén prácticas, incluíndo a celebración, por primeira vez en Galicia, do día **30 de xaneiro como Día Escolar da Paz**. Posteriormente, foi recoñecido oficialmente pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia.
- c) Froito do traballo de grupos coma o noso, esta dimensión socio-afectiva da educación tería o seu recoñecemento xurídico-legal coa promulgación da Lei Orgánica do Dereito á Educación (LODE), aprobada en 1985, na que se recolle entre os fins do sistema educativo a educación para a paz (Art. 1. g), e moi especialmente coa Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo (LOXSE), aprobada en 1990, en tanto que non só se recollía a educación para a paz como fin do sistema educativo (Art. 2.g), senón que tamén se incorporou de forma explícita como "tema transversal" ao currículo de todas as áreas educativas e de todos os niveis do ensino obrigatorio.
- d) Participamos na elaboración e presentación da iniciativa institucional con intención participativa que representou o **Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar de Galicia**, sendo asinado polo noso representante o profesor Xesús R. Jares xunto con outros colectivos e personalidades o 30 de xaneiro de 2007 en Santiago.

Rúa San Clemente, 18. Baixo
15705 Santiago de Compostela

Tel./Fax: 981 562 577
www.nova-escola-galega.org
neg@mun-do-r.com



- e) O noso papel activo tamén atinxiu á creación do **Observatorio Galego da Convivencia**, no que nos representaba o noso compañeiro antes mencionado, como personalidade experta, xunto con outras, ata que llo impediu a súa enfermidade, que lle levou a vida, sendo substituído pola profesora Carmen Díaz Simón. Por toda comunicación, nestes últimos dous anos houbo o cese desta última o 14 de decembro de 2010.
- f) **Educadores pola Paz-NEG** impulsou dende o principio varias iniciativas: os **Encontros de Educadores/as pola Paz**, e por outra parte, **Programas Municipais de Convivencia** como o desenvolvido en Vigo, **“Aprender a convivir”**, e actualmente **“Vivir xuntos, convivir”** en Lugo e outros concellos da provincia, con resultados positivos a nivel convivencial de toda a comunidade educativa. A nosa longa historia está recollida nas derradeiras publicacións coordinadas polo noso fundador e editadas en Ed. Xerais e no noso web <http://educadorespolapaz.org/>.

APUNTAMENTOS:

Sobre o **Anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa**, e de maneira complementaria ao xa manifestado no NEG Opina recentemente publicado (<http://www.nova-escola-galega.org/>), incidimos na súa análise desde a formulación de alternativas concretas, que darían pé a unha proposta legislativa radicalmente diferente. Como eivas de partida e orientación **subliñamos** que:

1. Supón desaproveitar a ocasión de legislar na dirección recollida no Plan de Mellora da Convivencia, aprobado no 2007 por numerosos colectivos, impulsando e estendendo as iniciativas senlleiras e comprometidas, e os plans de convivencia con mellores prácticas, dende unha óptica **proactiva**.
2. Aparece, por sorpresa, un documento que tanto na **forma** (de xestalo como de presentalo...) como no **fondo** (contidos forzosamente unidos polo nesgo que se lles dá) representa a continuidade do modelo punitivo-sancionador do Real Decreto 732 no que se ampara dezaseis anos despois.
3. Dende a educación para a paz e a convivencia non se entende a **participación unidireccional** á que se alude neste borrador, agás que o obxectivo sexa alleo á propia convivencia.
4. A **simplificación** que, en xeral, se fai no tratamento dos **complexos** aspectos da convivencia sabemos que non traerá resultados contrastables e profundos. Para educar necesítase toda a tribo escolar, familiar, etc. e, polo tanto, focalizar no Departamento de Orientación o tratamento das condutas non desexables semella un espellismo. Por enriba, non se pensa en **reforzalos con máis persoal**, segundo a ratio europea (cada 250 alumnos/as), nin con outros profesionais coma **educadores sociais**, etc.

Entendemos que, **logo do rexeitamento polo Consello Escolar de Galicia, máximo órgano de representación da comunidade educativa**, a Consellería debe revisar a estratexia, orientación e contidos no marco dunha nova proposta ou anteproxecto. A estes efectos



achegamos as nosas reflexións sobre o texto, poñendo en valor formulacións alternativas que entendemos poden ser compartidas polo conxunto da comunidade educativa:

A – SOBRE O PROCESO DE ELABORACIÓN

Para abordar os temas de convivencia, necesítase, polo tanto, sustento conceptual, disposición práctica e intención institucional, asentándose estes tres piares nunha base de consenso canto máis ampla mellor sobre distintos aspectos como:

1. Nos temas de convivencia **necesitamos unha lei de amplo consenso**, na que participen na súa elaboración amplos sectores sociais relacionados co sistema educativo: sindicatos, MRP, representantes das familias e outros sectores sociais.
2. A lei debería, ao noso xuízo, **partir do que xa temos**, e valorar o realizado: Plan integral de convivencia, Decreto 85/2007, Plan de convivencia nos centros, experiencias de mellora da convivencia...
3. Aproveitar a ocasión, para elaborar **unha lei completa**, que refunda todo o lexislado sobre convivencia nun elemento único, sen ter que andar pescudando a normativa por infinitas leis e camiños que se nos escapan, aos propios profesionais da educación preocupados polo tema canto máis ás familias e outros sectores sociais (coma tal, se esta lei se aprobase sen modificacións, para seguir un expediente por falta grave teriamos que consultar, polo menos, as seguintes leis: RD 732, LOE, Lei de convivencia e participación).
4. Non temos présa, os datos recoñecidos pola propia Consellería, sindicatos, MRP... non son alarmantes. En Galicia a convivencia mantense dentro do aceptable; ¿por que, pois, non lle dedicamos **o tempo necesario**?:
 - a) para favorecer a elaboración dunha lei que fomente os aspectos educativos e preventivos nos temas de convivencia, en lugar de apresurarnos a lanzar unha proposta de normas e correccións de carácter puramente disciplinaria, que pode seguir atendido desde o RD 732/1995.
 - b) para buscar unha ampla participación e consenso entre todos os sectores implicados.
 - c) para que, como apuntamos nun punto anterior, sexa unha lei global, que **recolla todos os aspectos lexislativos relacionados coa convivencia**.
5. Os aspectos novos sobre participación regulados, son poucos, e probablemente mal formulados. Sería posible **regular a participación noutra norma**, ou, de incluíla nesta lei, aplicar os mesmos criterios que referimos anteriormente: recoller os aspectos educativos e formativos derivados dos principios da LOE, regular a participación de todos os sectores, etc.



B – PROPOSTAS PARA A ELABORACIÓN.

1. TÍTULO I

Fins e principios.

- a) A responsabilidade compartida de toda a sociedade e en particular de todos os membros da comunidade educativa na creación dun clima adecuado de convivencia.
- b) Ter en conta que a convivencia nos centros educativos é tanto un contido educativo (proceso de adquisición de valores de convivencia, solidariedade, compromiso, aceptación da diferenza, defensa activa dos dereitos e deberes, aceptación e cumprimento de normas) como un requisito indispensable para o desenvolvemento do propio proceso.
- c) Destacar a importancia das medidas e actuacións de carácter educativo e preventivo na resolución de conflitos e na educación para a convivencia.
- d) Valorar a importancia dos programas de axuda entre iguais e de mediación na solución de conflitos (e outras experiencias) como unha vía educativa para a mellora da convivencia.
- e) Definir un modelo integrado de xestión da convivencia que contemple o diálogo, a negociación e, en xeral, as vías pacíficas de solución de conflitos como paso previo ás actuacións disciplinarias.

2. TÍTULO II

Dereitos e deberes de convivencia e participación.

Parece que a definición dos dereitos e deberes en si mesma constitúe unha parte esencial da propia convivencia (aínda aqueles que non teñan por si mesmos unha relación directa con ela). Se temos en conta que eses dereitos e deberes están regulados polo RD 732/1995 e recollidos nos Decretos de organización e funcionamento 374/1996 (para infantil e primaria), o 324/1996 para os IES e o 7/99 para os CPI, que están modificados por outras normas (LOCE, LODE, LOPEG, LOE), podería ser a ocasión para redefinir os dereitos e deberes de todos os sectores da comunidade educativa nunha lei actualizada.

3. TÍTULO III

Normas básicas de convivencia nos centros docentes.

CAPÍTULO I

Plan de convivencia e normas de convivencia.

Plan de convivencia:

Incorporar as referencias á *LEI 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura da paz* (B.O.E. 287 do 01/12/2005), ao *Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar* (DOG do martes 8 de maio), ao *Plan Integral de mellora da convivencia escolar de Galicia* e ás *Instrucións sobre a constitución do*



Observatorio da Convivencia nos centros educativos para a elaboración do Plan de Convivencia.

Potenciación da convivencia no centro a través de medidas educativas, incorporación no Plan de convivencia de Programas de mediación escolar e de axuda entre iguais, etc.

4. Normas de convivencia.

Incorporar a elaboración de normas como un elemento educativo e de participación, particularmente do alumnado naquelas normas que lles competen.

A elaboración de normas de aula polo alumnado amosouse como un eficaz instrumento para a mellora da convivencia.

Outras achegas sobre ASPECTOS ESPECÍFICOS contemplados no anteproxecto:

a) Condición de autoridade pública.

Parécenos ben, aínda que cómpre situalo no seu lugar.

1. A autoridade moral do profesorado gáñase co traballo e a actuación persoal e de pouco han valer os aspectos lexislativos.
2. A declaración de autoridade pública só vai ter incidencia no caso da presunción de veracidade ás declaracións do profesorado nun proceso sancionador.

Neste caso a súa significación vai ser mínima:

2.a. No centro e na administración educativa xa se lle concede.

2.b. Diante dun xuízo, seguramente dependerá do que diga o código penal. Parece que na condición de funcionarios públicos a Fiscalía xeral xa vén aplicando este criterio.

En todo caso para facelo valer haberá que chegar a un xuízo.

b) Previsións sobre a vestimenta:

As “previsións” sobre a vestimenta do alumnado veñen destapar un problema que non existe ou é pouco significativo de maneira global. As autoridades educativas xa se teñen pronunciado sobre o tema e a necesidade de primar o “dereito á educación” sobre outras consideracións.

É unha norma que pode afectar ás liberdades individuais, que pode implicar graos de discriminación por motivos culturais ou relixiosos e polo tanto que habería que tomar con moita precaución.

c) Requirir obxectos.

O feito de retirar obxectos ao alumnado pode afectar o exercicio de dereitos fundamentais como o dereito á propiedade ou o dereito á intimidade, polo tanto deberíamos ser máis coidadosos na definición de que obxectos e en que condicións. Pensamos que só unha norma con rango de lei pode definir que obxectos, substancias e produtos poden ser retirados ao alumnado e que as normas dos centros non son suficientes.



(Como no caso das normas de vestiario, non podemos ampararnos en que a persoa individual non vai recorrer contra estas decisións para tomar decisións contrarias ao noso ordenamento xurídico.)

d) Responsabilidade e reparación de danos.

“Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física e moral” a presentación de excusas e o recoñecemento de responsabilidades debería contemplarse como un acto educativo, que potencie a reflexión sobre os actos realizados, as súas consecuencias e a necesidade moral de reparar o dano causado, a través dos mecanismos de axuda entre iguais e solución de conflitos ou das aulas de convivencia. Doutro xeito converterase nunha obriga mecánica ou incluso nunha posible imposición e incluso nun acto de “humillación” e sometemento para os presuntos culpables, que non producirá efectos educativos e xerará resentimento contra a vítima e as figuras de autoridade que o motiven.

e) Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección:

Á parte de cambiar un nome e incluír algunha nova conduta contraria á convivencia pouco achega de novo respecto do RD 732/1995.

Parécenos aceptable. Entendemos que unha vez utilizados os sistemas de carácter educativo baseados no diálogo e a negociación sen resultados positivos, pode ser necesario un sistema de corrección de tipo disciplinario.

Deberíase incluír, ao noso xuízo, que as condutas contrarias á convivencia se tratarán inicialmente pola vía do diálogo e a negociación e que aceptar participar nas medidas que contemple o centro con ánimo de resolver a situación actuará como eximente ou como atenuante respecto das responsabilidades e as correccións que correspondan.

Está ben verbalizar que a corrección de condutas contra a convivencia se estende fóra do centro, ás actividades extraescolares e complementarias, aos comedores escolares e a calquera conduta que implique a membros da comunidade escolar ou os seus bens. Cremos que non é unha novidade, isto legalmente xa era así, aínda que moita xente non o tivese claro.

Sería interesante que se estendese a aplicación das normas de convivencia do centro, se definisen os dereitos e deberes e a asistencia xurídica a todas as persoas que participen en actividades de carácter educativo: monitores/as, responsables de comedores, do transporte escolar...

f) Prescrición de condutas contrarias á convivencia:

Está ben acelerar os procesos e buscar un prazo de prescrición con independencia do curso escolar. Parece unha cuestión pouco transcendente.

g) Programas de habilidades sociais:

A elaboración e desenvolvemento dun “**programa de habilidades sociais**” ten un carácter clínico que non corresponde cos principios da orientación actual. Dende logo a súa



efectividade cara á mellora da convivencia parece difícil. Teríamos que orientar estas propostas cara ás medidas preventivas que pedimos en puntos anteriores. Só en casos limitados se podería pensar na intervención individual, na que o DO podería deseñar o Programa, pero tería que ser todo o centro o encargado da súa aplicación. Entendemos que a conduta individual se desenvolve nun sistema e que para producir cambios nesa conduta pode ser necesario introducir cambios noutros elementos do sistema.

h) Acoso escolar:

Debérase incorporar o antedito *Instrucións sobre a constitución do Observatorio da Convivencia nos centros educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia*. A maioría dos centros contan xa cun Plan de convivencia onde se contemplan medidas preventivas e medidas de intervención en caso de producírense casos de acoso.

A inclusión do “ciberacoso” está ben recordado, **por máis que o dito para o acoso en xeral sexa aplicable a estas condutas**. Moitos centros xa teñen desenvolvido actividades preventivas e téñeno incluído nos protocolos de intervención.

i) Participación e consulta ás familias

Pensamos que a Participación debe desenvolverse nunha lei diferente, aínda que recollemos os principios sinalados en particular:

- Mágoa que unha lei que se define como de Participación se limite a abordar as consultas “ás familias”. No resto dos temas remítese á lexislación existente.
- Pérdese a ocasión de incorporar o potencial formativo “para a cidadanía democrática” en termos de competencias que representa a participación do alumnado na vida do centro. Dende a participación directa nas decisións que lles competen (actividades docentes, actividades extraescolares e complementarias, funcionamento da aula) ata a participación representativa (delegados, xunta de delegados, comisións, consello escolar...) e tamén a ocasión de favorecer dende esa formación o exercicio lexítimo dos seus dereitos.
- Pérdese a ocasión de incorporar aspectos que favorezan a participación das familias e a sociedade na vida do centro e no proceso educativo dos seus fillos.
- Debería recoller a lexislación de participación dispersa en diferentes normas.
- Propoñer aspectos formativos e de apoio á participación do alumnado. O alumnado aprende a participar ao tempo que participa; é precisa unha acción educativa paralela.
- Regular aspectos que favorezan a participación das familias na vida do centro e no proceso educativo dos seus fillos. Cuestións respecto de:
 - Reunións de pais e nais.
 - Aspectos que “esixen” información ou consentimento das familias e como se levan a cabo.
 - Horarios de atención a pais compatibles coas obrigas laborais.



- Horarios dos órganos colexiados e comisións que favorezan a participación dos pais e nais.
- A propia regulación das posibles “consultas” parece incompleta; faltaría cando menos:
 1. Regular os mecanismos polos que se vai levar a cabo e as garantías de non manipulación.
 2. Regular mecanismos polos que as iniciativas das familias e a sociedade se poidan promover ou outras iniciativas.

A pretensión declarada pola Consellería de promover consultas sobre cuestións que atinxen á programación educativa (caso, por exemplo, das linguas vehiculares no ensino) está fóra de lugar por razóns de legalidade respecto das competencias reservadas aos poderes públicos.

Por último, queremos amosar a nosa disposición a colaborar institucionalmente, xunto con outros movementos deste ámbito, xa que forma parte dos nosos principios e obxectivos: estender os valores da educación para a paz para **facen unha sociedade máis humana e máis xusta.**

Santiago, 30 de xaneiro de 2011.

EDUCADORES/AS POLA PAZ - NEG

Rúa San Clemente, 18. Baixo
15705 Santiago de Compostela

Tel./Fax: 981 562 577
www.nova-escola-galega.org
neg@mun-do-r.com